

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A FUNDACIÓN PAIDEIA GALIZA PARA O DESEÑO E EDICIÓN DUNHA GUÍA DE DEMENCIAS

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente do Servizo Galego de Saúde, **DECLARA:**

Que o Servizo Galego de Saúde e a Fundación Paideia Galiza formalizaron o 01.07.2021 o convenio arriba referido.

Que o prazo de vixencia do convenio vai desde o día seguinte ao da súa sinatura (02.07.2021) ata o cumprimento total das obrigas contraídas e aceptadas polas partes, salvo denuncia expresa de calquera das partes cunha antelación mínima de 15 días naturais á prevista para a finalización da súa vixencia ou resolución anticipada.

En todo caso, o obxecto do contrato deberá realizarse antes do 31 de decembro de 2021.

Que o instrumento convencional ten por obxecto a colaboración da Fundación Paideia Galiza coa Unidade de Demencias do Servizo de Neuroloxía do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela a través do deseño e edición dunha guía informativa para entregar aos familiares de pacientes con demencias da súa unidade.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional asinado fundaméntase, entre outros, en que:

1. A Consellería de Sanidade, a través do Servizo Galego de Saúde de Galicia ten, dentro das súas funcións, a atención integral da saúde do individuo. O autocoidado responsable é un elemento clave do novo modelo de asistencia sanitaria que promove o rol fundamental que ten o/a paciente na xestión da súa saúde. Aínda así, gran parte da poboación encóntrase con dificultades relacionadas coa adquisición de estilos de vida saudables, a adherencia aos tratamentos e a xestión dos síntomas asociados ás enfermidades crónicas.

Por todo isto, é necesario mellorar a calidade da información que reciben pacientes e familiares, así como as súas capacidades e habilidades en relación coa xestión das enfermidades crónicas.

2. A Estratexia SERGAS 2020 establece liñas de actuación orientadas á atención integral adaptada ás necesidades de pacientes, familiares e persoas coidadoras. Como elementos claves sinálanse:

- Potenciar a capacitación da cidadanía e pacientes para que poidan asumir o coidado da súa saúde con responsabilidade.
- Desenvolver actuacións que melloren os resultados en saúde da cidadanía e pacientes, como a posta en marcha de actividades formativas e informativas, para dotalos de coñecementos e habilidades sobre coidados que permitan mellorar o manexo da súa enfermidade a pacientes con procesos crónicos.

Neste sentido, a concreción de acordos con entidades e institucións que permitan emprender a posta en marcha de iniciativas no ámbito da formación e a información orientadas á mellora da atención aos pacientes con enfermidades crónicas, constitúe un elemento adicional e complementario aos esforzos que dende a Consellería de Sanidade e dende o Servizo Galego de Saúde se veñen realizando e se seguirán desenvolvendo no futuro.

3. A Fundación Paideia Galiza é unha entidade sen ánimo de lucro que ten por obxecto, entre outros, a realización e promoción de actividades de interese educativo, científico, sanitario ou outros de análogo interese humano ou social; para o cal, pode cooperar con calquera persoa, organización e institución para a difusión e fomento de iniciativas e actividades relacionadas coa consecución do obxecto fundacional.

4. A Fundación Paideia Galiza colabora coa Unidade de Demencias do Servizo de Neuroloxía do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago no proxecto do Grupo Hospitalario interdisciplinar de apoio á persoa coidadora de pacientes con demencias, que ten como finalidade mellorar nas pautas de coidado destas persoas.

5. Os datos dispoñibles sobre o perfil das persoas coidadoras informais de persoas con alzhéimer, reflicten que unha alta proporción considera non dispoñer da formación necesaria para poder coidar do seu familiar.

Por este motivo, a dispoñibilidade dunha guía de apoio a persoas coidadoras, que sirva para mellorar os coidados dos e das pacientes, é de gran interese tanto para persoas coidadoras como para profesionais sanitarios xa que terá unha gran repercusión na calidade de vida de pacientes e persoas coidadoras.

6. O presente convenio formalízase ao amparo do establecido no artigo 48.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, no que se prevé que *“As Administracións Públicas, os seus organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes, no ámbito das súas respectivas competencias, poderán subscribir convenios con suxeitos de dereito público e privado, sen que isto poida supoñer*



cesión da titularidade da competencia” e, de modo específico, no artigo 25 da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado, no que se regulan os “Convenios de colaboración empresarial en actividades de interese xeral” e en cuxo apartado 1 se establece que “Entenderase por convenio de colaboración empresarial en actividades de interese xeral, aos efectos previstos nesta lei, aquel polo cal as entidades a que se refire o artigo 16, a cambio dunha axuda económica para a realización das actividades que efectúen en cumprimento do obxecto ou finalidade específica da entidade, se comprometen por escrito a difundir, por calquera medio, a participación do colaborador nestas actividades.

A difusión da participación do colaborador no marco dos convenios de colaboración definidos neste artigo non constitúe unha prestación de servizos.”.

7. Ambas partes están interesadas en colaborar na elaboración dunha guía de demencias que dea resposta ás dúbidas e preguntas que poidan xurdir durante o coidado do paciente con Alzheimer.

Para isto a Fundación Paideia Galiza está interesada en colaborar mediante o financiamento da actividade descrita.

Os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustifico o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela.

O xerente do Servizo Galego de Saúde

José Flores Arias

